



# BOLETÍN OFICIAL

## DA PROVINCIA DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

D. Legal: OR-1/1958



Ano 2002

Luns, 7 de outubro

N.º 231

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### OURENSE

Introducción.- A Excm. Deputación Provincial de Ourense, no marco do Terceiro Acordo de Formación Continua nas Administracións Públicas, deseñou para o ano 2002 un novo Programa provincial de formación continua, de carácter agrupado, destinado á realización de diversas accións formativas dirixidas ó persoal da Administración local desta provincia. Para os efectos de executa-los cursos enmarcados no citado plano de formación continua, que foi aprobado pola Comisión Xeral para a Formación Continua na súa sesión do 11 de marzo de 2002 e subvencionado polo Ministerio de Administracións Públicas, segundo a Resolución do 20 de marzo de 2002 do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE núm. 81, do 4 de abril), é necesario que se faga pública a súa iniciación e o seu desenvolvemento; por tal motivo, esta Presidencia, no uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, resolve:

Primeiro.- Convoca-lo seguinte curso de formación continua, organizado co apoio e a colaboración técnica e económica da Fundación Galicia Europa:

*“Curso de actualización sobre os fondos comunitarios europeos para o período 2000-2006”*

Segundo.- Ordena-la publicación no BOP da presente convocatoria, bases e anexos.

As características e mailos contidos do curso detállanse no anexo I desta resolución. O curso desenvolverase de acordo coas seguintes bases xerais :

Primeira.- Solicitudes de participación.

1.- O persoal que desexe participar neste curso de formación presentará cuberta, en tódolos epígrafes que lle corresponda, a instancia segundo o modelo oficial de solicitude de inscrición publicado no anexo II.

2.- Tódalas instancias deberán contar co correspondente informe, sobre a asistencia ó curso, do xefe/a do servizo ou departamento ó que pertenza o/a solicitante, para os efectos, entre outros, de confirmala súa condición de traballador da Administración local.

3.- A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado e á imposibilidade de participar en ningunha outra actividade formativa convocada durante o ano 2002.

4.- As solicitudes de participación deberán remitirse ó departamento de Formación Continua da Deputación Provincial:

- Por fax: 988 385 215.

- Por correo: Centro Cultural Deputación Ourense. Progreso, 30; 32003, Ourense.

- Ou presentando a solicitude no Rexistro xeral da Deputación Provincial.

Ou de calquera das formas establecidas no art. 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.- A presentación dunha solicitude supón a aceptación expresa das bases xerais e das normas específicas de participación e asistencia que rexen e regulan as diferentes accións formativas da Deputación de Ourense.

Segunda.- Acceso ás actividades.

1.- Poderá participar nesta actividade o persoal da Administración local en activo ó que vai dirixido o curso como destinatario da acción formativa, e que cumpra os requisitos específicos esixidos na convocatoria.

2.- Daráselles preferencia para accederen ó curso ós traballadores das entidades locais adheridas ó Programa provincial de formación continua da Deputación de Ourense do ano 2002.

Terceira.- Selección dos participantes.

1.- Os criterios que se aplicarán para a selección dos participantes son:

\* A relación existente entre as funcións ou tarefas que realiza o solicitante no seu posto de traballo e a materia ou contidos obxecto do curso.

\* A clase de persoal á que pertenza o solicitante, así como o seu grupo/categoría profesional, dando preferencia ó persoal fixo sobre o contratado.

\* A data de ingreso do traballador na Administración local, dando preferencia ó persoal de maior antigüidade no acceso ó curso.

\* O número de actividades formativas realizadas na Deputación de Ourense nos tres últimos anos, dando preferencia ós solicitantes que realizaron un menor número de cursos.

\* As necesidades formativas do departamento, servizo ou entidade ó que estea adscrito o traballador solicitante do curso.

2.- A lista de seleccionados exporase oficialmente no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias; ó mesmo tempo, os solicitantes poderán obter confirmación da súa admisión chamando ó teléfono n.º 988 385 142 ou

consultando na páxina web: [www.de-pourense.es/web/formacion.htm](http://www.de-pourense.es/web/formacion.htm)

3.- Dende a Deputación Provincial poderá comunicárselles telefonicamente ós seleccionados a súa admisión, co fin de obter a confirmación sobre a súa participación na acción formativa. Os solicitantes admitidos que non comuniquen a súa inasistencia con como mínimo un día de antelación ó inicio do curso, sen causa excepcional que o xustifique, quedarán excluídos de participar en calquera outra actividade de formación convocada durante o presente ano.

Cuarta.- Diplomas e certificacións de asistencia.

1.- Outorgaráselle-lo correspondente diploma ós alumnos que participen con regularidade e bo aproveitamento no desenvolvemento da acción formativa e que superen satisfactoriamente as probas de avaliación do curso. Aqueles alumnos que, tendo asistido con regularidade e participado no curso, non superen satisfactoriamente as probas de avaliación, obterán un certificado que acreditará a súa asistencia ó curso.

2.- É obrigatoria a asistencia e a puntualidade a tódalas sesións do curso. Toda inasistencia á clase deberá ser debidamente xustificada polo interesado; unha inasistencia superior ó 15%, aínda que sexa xustificada, impedirá a expedición da certificación de asistencia.

Quinta.- Modificacións.

A Deputación de Ourense poderá variar, de resultar preciso, as características ou os contidos do curso para adaptalos ás necesidades da administración ou ás distintas continxencias que poidan xurdir.

#### *Anexo I*

*“Curso de actualización sobre os fondos comunitarios europeos para o período 2000-2006”*

1.- Destinatarios.

\* Persoal ó servizo da Administración local da provincia que por motivo do seu posto de traballo teña relación directa cos distintos programas europeos de desenvolvemento rexional.

\* Técnicos das corporacións locais de Ourense con responsabilidades na xestión de proxectos que puideran ser obxecto de financiamento con cargo ós fondos comunitarios.

\* Axentes de desenvolvemento local e técnicos locais de emprego.

2.- Desenvolvemento.

2.1.- Duración: 30 horas lectivas.

2.2.- Datas de realización: do 16 ó 30 de outubro de 2002

(agás os días 22 e 23 de outubro).

2.3.- Horario de clases: de 17:00 a 20:00 horas, de luns a venres.

2.4.- Lugar de impartición: Centro Cultural da Deputación de Ourense (Rúa do Progreso, 30, 2º andar. Ourense).

2.5.- Prazas: 30 participantes por edición.

2.6.- Número de edicións: unha.

3.- Obxectivos.

\* Actualizar e mellora-los coñecementos dos participantes sobre tódolos instrumentos, mecanismos e estratexias da política rexional da Unión Europea, que se van pór en marcha ata o ano 2006, e que poden contribuír dalgún xeito ó desenvolvemento estrutural das entidades locais nos seus ámbitos básicos.

\* Proporcionarlles ós asistentes unha información xeral e ordenada sobre os Fondos Comunitarios Europeos para o período 2000-2006, nos seus aspectos máis xenéricos e simplificados, datos que calquera xestor debe coñecer para introducirse e desenvolverse neste amplo campo.

\* Preparar ós alumnos para que sexan capaces de estudar e analiza-los aspectos concretos que contén o Plano de Desenvolvemento Rexional, no Marco de Apoio Comunitarios e nos programas operativos da Unión Europea.

\* Dar a coñece-los principais programas e iniciativas comunitarias de interese para as entidades locais e aprender a solicitar, tramitar e xestiona-los proxectos dos citados programas.

\* Examinar a nivel práctico a normativa e a documentación da Unión Europea sobre a tramitación de proxectos para obter axudas con cargo ós fondos comunitarios.

4.- Programa.

4.1. Conceptos xerais.

4.1.1. Os Fondos Estructurais da Unión Europea:

Obxectivos prioritarios e principios de funcionamento.

4.1.2. A nova regulación e normas dos Fondos Estructurais.

4.1.3. Recursos financeiros dispoñibles para os Fondos Estructurais ata o ano 2006.

4.1.4. Os obxectivos por rexións: a súa distribución.

4.1.5. Concepto de NUTS.

4.2. División territorial da Unión Europea: obxectivos.

4.2.1. Obxectivo n.º 1.

As rexións do Obxectivo n.º 1.

Rexións con moi baixa densidade de poboación do Obxectivo n.º 1.

Rexións ultraperiféricas do Obxectivo n.º 1.

Poboación beneficiaria do Obxectivo n.º 1.

4.2.2. Obxectivo n.º 2.

As zonas con dificultades estruturais do Obxectivo n.º 2.

Poboación beneficiaria do Obxectivo n.º 2.

4.2.3. Obxectivo n.º 3.

4.2.4. A axuda transitoria.

4.3. A programación dos Fondos Estructurais.

4.3.1. A programación dos Fondos Estructurais.

4.3.2. Preparación da programación dos Fondos Estructurais.

4.4. O proceso de programación nacional e rexional.

4.4.1. Conceptos básicos da programación.

4.4.2. Proceso de programación.

4.5. Iniciativas comunitarias.

4.5.1. Concepto de “iniciativa comunitaria”.

4.5.2. As iniciativas comunitarias previstas para o período 2000-2006.

4.5.3. Programación das iniciativas comunitarias.

4.5.4. Esquemmatización do contido das iniciativas comunitarias para o período 2000-2006: INTERREG III / EQUAL / LEADER +

4.6. Accións innovadoras e de asistencia técnica.

4.6.1. As accións innovadoras.

4.6.2. Dotación financeira das novas accións innovadoras.

4.6.3. A asistencia técnica.

4.7. Financiamento, xestión financeira e avaliación dos Fondos Estructurais.

4.7.1. Participación no financiamento comunitario.

4.7.2. Modulación da participación dos Fondos Estructurais.

4.7.3. Límites da participación dos Fondos Estructurais.

4.7.4. Xestión financeira dos Fondos Estructurais.

4.7.5. Xestión e seguimento das intervencións dos Fondos Estructurais.

4.7.6. Avaliación dos Fondos Estructurais.

4.7.7. Reserva de eficacia xeral.

4.8. Fondos estruturais.

4.8.1. FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional).

4.8.2. FSE (Fondo Social Europeo).

4.8.3. FEOGA (Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola).

4.8.4. IFOP (Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca).

4.8.5. O Fondo de Cohesión dentro dos Fondos Estructurais.

5.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes para o presente curso rematará o vindeiro 11 de outubro (venres).

Ourense, 1 de outubro de 2002.- O presidente. Asdo.: José Luis Baltar Pumar

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1.- TÍTULO DA ACCIÓN FORMATIVA	EDICIÓN

2.- DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE			
Apelidos:	Nome:	NIF:	
Enderezo:	Localidade:		
Provincia:	C.P.:	Tfno.:	Móbil:

3.- DATOS ADMINISTRATIVOS			
Clase de persoal: <input type="checkbox"/> Funcionario <input type="checkbox"/> F. Interino <input type="checkbox"/> Laboral fixo <input type="checkbox"/> Laboral temporal		Grupo: <input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> C <input type="checkbox"/> D <input type="checkbox"/> E	Nivel: _____
Posto de traballo:		Data de ingreso na Administración: _____ / _____ / _____ Día / Mes / Ano	
Entidade de pertenza:		Servicio:	
Enderezo do posto de traballo:		Localidade:	
Provincia:	Tfno.:	Fax:	E-mail:

4.- DECLARACIÓN-SOLICITUDE
<p>- Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran na presente solicitude</p> <p>- Solicito participar no curso ou actividade de referencia</p> <p style="text-align: center;">..... de ..... de .....</p> <p style="text-align: right;">Sinatura.....</p>

5.- INFORME DO XEFE DO SERVICIO
<p>- Vista a solicitude e o interese para o servizo emítese informe:</p> <p style="text-align: center;"> <input type="checkbox"/> Favorable  <input type="checkbox"/> Desfavorable         </p> <p style="text-align: center;">Sobre a asistencia ó curso ou actividade solicitada</p> <p>Lugar e data <span style="float: right;">Sinatura do órgano informante</span></p> <p>Selo do servizo <span style="float: right;">Asdo.: .....</span></p>

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL NORTE

### COMISARÍA DE AGUAS

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Asunto: Solicitud autorización de obras .

Peticionario: Diputación Provincial de Ourense.

NIF nº: P3200000B

Domicilio: Rúa Progreso,32, Ourense (Ourense).

Nombre del río o corriente: regato Ponte Pedriña.

Punto de emplazamiento: Beariz.

Término Municipal y Provincia: Beariz (Ourense).

Destino: Construcción obra de fábrica.

Breve descripción de las obras y finalidad:

Las obras consistirán en la construcción de una obra de fábrica sobre el arroyo Ponte Pedriña en el P.K.19+600 de la carretera C.V. 5 Beariz-Portela da Cruz mediante pontón de hormigón armado de 8,00 metros de luz libre y 11,66 metros de longitud, en el término municipal de Beariz (Ourense).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de treinta días, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el BOP de Ourense, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Beariz, o en la Confederación Hidrográfica del Norte (Comisaría de Aguas, c/Progreso, nº 6-32071-Ourense), donde estará de manifiesto el expediente.

El jefe del servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

**R. 13.198**

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL DUERO

### COMISARÍA DE AGUAS

#### ANUNCIO

Dña. M.ª del Carmen y Dña. M.ª Elsa Pérez Prieto con domicilio en c/Pena Corneira,, nº 8- 1º Izda, 32005 Ourense, solicita autorización para la corta de árboles, en el río Ribeira o Pigarreiro, pa-

raje "Dalquecabo", en el término municipal de Pentes Gudiña (Ourense).

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

La autorización solicitada comprende la corta de 38 árboles situados en el río Ribeira o Pingarreiro, paraje "Dalquecabo". El perímetro a 1,30 m del suelo es de 90 a 100 cm.

Lo que se hace público, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 72 del Reglamento del dominio público hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, a fin de que en el plazo de treinta (30) días contados a partir de su publicación en el BOP, puedan presentar los que estén interesados, peticiones en competencia e incompatibles con la anunciada, así como las reclamaciones que estimen pertinentes los que se consideren perjudicados en la Alcaldía de 32545 Pentes Gudiña (Ourense), o ante esta Secretaría de la Confederación Hidrográfica del Duero, c/Muro, 5 Valladolid, hallándose de manifiesto el expediente de referencia (AR-OR) en la oficina de esta Confederación, sita en Zamora, Avda. Tres Cruces, 18.

Valladolid.- El secretario general. Fdo.: Eduardo Mora Cazorla.

**R. 13.190**

## XULGADOS

### XULGADO DO SOCIAL N.º 2

#### OURENSE

#### EDICTO

Don José Jaime Dopereiro Rodríguez, secretario do Xulgado do Social n.º 2 de Ourense, dou fe de que neste xulgado e co n.º 889/20001 e executiva 156/2002 se seguen autos e execución a pedimento de dona María Isabel Rivera Cid contra a executada Rabazas, S.L., sobre despedimento, e dictouse resolución do contido literal seguinte:

Unha vez vistos os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación acordo: Rectifico a resolución dictada nos presentes autos do 3 de setembro de 2002 no sentido de que non procede dicitar auto de execución, senón que procede citar ás partes de comparecencia, sinalándose para isto o próximo día 8 de outubro de 2002 ás 10:00 horas na sala de vistas deste xulgado. Asinado e rubricado.

E para que conste e lle sirva de notificación de forma legal á executada Rabazas, S.L., con último domicilio coñecido

na r/Cardeal Quevedo, n.º 24, de Ourense e da que se ignora o seu actual domicilio, expido, selo e asino o presente edicto en Ourense, o 18 de setembro de 2002. O secretario.

**R. 13.180**

\*\*\*

### XULGADO DE 1ª INSTANCIA N.º 5

#### OURENSE

#### EDICTO

Número de identificación xeral: 32054 1 0502335/2002

Procedemento: expediente de dominio, continuación do tracto n.º 474/2002

Sobre: outras materias.

De: Lorenzo Otero Cougil, María Dolores Mascareñas Puga, María Luisa Puga Arregui, Angelina González Galiño, Ana María Cid Prol, Antonia María Luisa Puga González, Carmen Devesa Álvarez.

Procuradora: Sonia Ogando Vázquez.

D. Ignacio Martín García, secretario do Xulgado de 1ª Instancia n.º 5 de Ourense, fago saber que na secretaría deste xulgado do meu cargo se segue o procedemento expediente de dominio continuación do tracto n.º 474/2002, a pedimento da procuradora D.ª Sonia Ogando Vázquez en representación dos promovedores: Lorenzo Otero Cougil, María Dolores Mascareñas Puga, María Luisa Puga Arregui, Angelina González Galiño, Ana María Cid Prol, Antonia María Luisa Puga González e Carmen Devesa Álvarez, para a inmatriculación dos predios seguintes:

- Casa sinalada co número 14 actual (antes número 18), situada na rúa Cardeal Quiroga da cidade de Ourense. Componse de planta baixa, tres plantas para seis vivendas e planta de ático para dúas pequenas vivendas ou trasteiros. A finalidade de continua-lo tracto abarca o edificio descrito composto das dependencias seguintes:

Predio primeiro.- Local A.- Situado na planta baixa, parte esquerda do edificio segundo se mira desde a fachada. Componse de entrada, local de atención ó público, zona de probadores e zona de aseos. A superficie útil é de 122 m2, e a construída é de aproximadamente 150,50 m2. Élle anexo un terreo e patio pegado ó local pola fachada posterior de 63,51 m2. Os lindeiros do conxunto son: ó norte, a rúa Cardeal Quiroga, á que dá fronte; ó sur, D. Julio Martínez González; ó leste, edificio número 16 desa rúa; ó oeste, portal, escaleiras, paso traseiro e

D. Julio Martínez González. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0001 QT.- Porcentaxe do 24,12% en relación ó 100% do inmovible.

Predio segundo.- Local B.- Situado na planta baixa, parte dereita do edificio segundo se mira desde a súa fachada. Componse actualmente de: corpo dianteiro con despacho ó público, corpo intermedio de almacén, e corpo de aseos. A superficie útil é de 72,62 m<sup>2</sup>, e a construída é de aproximadamente 88,33 m<sup>2</sup>. Os lindeiros do conxunto son: ó norte, a rúa Cardeal Quiroga, á que dá fronte; ó sur, D. Julio Martínez González; ó leste, portal e paso trasteiro; ó oeste, edificio n.º 12 da rúa Cardeal Quiroga. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0002 WY.- A este predio correspóndelle a porcentaxe do 12,41% en relación ó 100% do inmovible.

Predio terceiro.- Piso primeiro A, dereita, destinado a vivenda. Componse das dependencias seguintes: vestíbulo de entrada, dormitorio principal con vestidor, dormitorio dous á fachada principal, dormitorio tres formando italiana co número dous, gabinete, corredor de comunicación, dormitorio catro formando italiana co salón, salón á fachada posterior, trasteiro, galería, cociña, baño e dous balcóns á fachada principal. Conta cunha superficie construída de aproximadamente 140,46 m<sup>2</sup> (incluída a parte proporcional de escaleiras), engadíndolle a parte proporcional do portal como elemento común, quedase en 143,56 metros cadrados construídos. Os seus lindeiros son: ó norte, rúa Cardeal Quiroga; ó sur, voos do edificio sobre patio e xardíns trasteiros do local baixo A; ó leste, edificio número 16 da mesma rúa; e ó oeste, piso primeiro B (esquerda), e caixa de escaleiras no medio. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0004 RI.- A este predio correspóndelle a porcentaxe do 9,02% en relación ó 100% do inmovible.

Predio cuarto.- Piso primeiro B, esquerda, destinado a vivenda, coa distribución seguinte: vestíbulo de entrada e comunicación, despacho administrativo e oficina á fachada, despacho de dirección e oficina, aulas de formación, aseos e despensa. Conta cunha superficie construída de aproximadamente 148,09 m<sup>2</sup>. Os seus lindeiros son: ó norte, rúa Cardeal Quiroga; ó sur, voos do edificio sobre servidume do trasteiro; ó leste, piso primeiro A (dereita), con caixa de escaleiras no medio; e ó oeste, edificio número 12 da mesma rúa. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0003 EU. A este predio correspóndelle a porcentaxe do 9,50% en relación ó 100% do inmovible.

Predio quinto.- Piso segundo A, dereita, destinado a vivenda. Componse das dependencias seguintes: vestíbulo de entrada, dormitorio principal con vestidor, dormitorio dous á fachada principal, dormitorio tres formando italiana co número dous, gabinete, corredor de comunicación, dormitorio catro formando italiana co salón, salón á fachada posterior, trasteiro, galería, cociña, baño e dous balcóns á fachada principal. Conta cunha superficie útil de 116,65 m<sup>2</sup>, sendo a construída de 140,31 m<sup>2</sup>. Os seus lindeiros son: ó norte, rúa Cardeal Quiroga; ó sur, voos do edificio sobre patio e xardíns trasteiros do local baixo A; ó leste, edificio número 16 da mesma rúa; e ó oeste, piso segundo B, esquerda, e caixa de escaleiras no medio. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0005 TO. A este predio correspóndelle a porcentaxe do 9,02% en relación ó 100% do inmovible.

Predio sexto.- Piso segundo B, esquerda, destinado a vivenda. Componse das dependencias seguintes: vestíbulo de entrada, corredor de comunicación, sala dianteira con armario, despensa, dormitorio número un á fachada, dormitorio número dous, apegado ó dormitorio número tres, dormitorio número tres, interior, dormitorio número catro, apegado ó salón trasteiro, cociña, galería traseira, despensa, baño e dous balcóns á fachada principal. Conta cunha superficie útil de 122,58 m<sup>2</sup>, sendo a construída de aproximadamente 149,94 m<sup>2</sup>. Os seus lindeiros son: ó norte, rúa Cardeal Quiroga; ó sur, voos do edificio sobre servidume do trasteiro; ó leste, piso segundo A, dereita, con caixa de escaleiras no medio; e ó oeste, edificio número 12 da mesma rúa. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0006 YP.- A este predio correspóndelle a porcentaxe do 9,50% en relación ó 100% do inmovible.

Predio sétimo.- Piso terceiro A, dereita, destinado a vivenda. Componse das dependencias seguintes: vestíbulo de entrada, dormitorio principal con vestidor, dormitorio dous á fachada principal, dormitorio tres formando italiana co número dous, gabinete, corredor de comunicación, dormitorio catro formando italiana co salón, salón á fachada posterior, trasteiro, galería, cociña, baño e dous balcóns á fachada principal. Conta cunha superficie útil de 117,65 m<sup>2</sup>, sendo a construída aproximadamente de 140 m<sup>2</sup>. Os seus lindeiros son: ó norte, rúa Cardeal Quiroga; ó sur, voos do edificio sobre patio e xardíns trasteiros do local baixo A; ó leste, edificio número 16 da mesma rúa; e ó oeste, piso terceiro B esquerda, e caixa de escaleiras no

medio. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0007 UA.- A este predio correspóndelle a porcentaxe do 9,02% en relación ó 100% do inmovible.

Predio oitavo.- Piso terceiro B, esquerda, destinado a vivenda. Componse das dependencias seguintes: vestíbulo de entrada, corredor de comunicación, sala dianteira con armario, despensa, dormitorio número un á fachada, dormitorio número dous, apegado ó dormitorio número tres, dormitorio número tres, interior, dormitorio número catro, apegado ó salón trasteiro, cociña, galería traseira, despensa, baño e dous balcóns á fachada principal. Conta cunha superficie construída de aproximadamente 147,63 m<sup>2</sup>. Os seus lindeiros son: ó norte, rúa Cardeal Quiroga; ó sur, voos do edificio sobre servidume do trasteiro; ó leste, piso terceiro A, dereita, con caixa de escaleiras no medio; e ó oeste, edificio número 12 da mesma rúa. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0008 IS. A este predio correspóndelle a porcentaxe do 9,50% en relación ó 100% do inmovible.

Predio noveno.- Piso bufarda A-dereita, destinada a trasteiros. Componse das dependencias seguintes: corredor, cuarto A escaleiras 1, cuarto 2 trasteiro, cuarto interior 1, cuarto interior 2 A escaleiras e outro cuarto máis, total 6 cuartos. As súas luces son a través das escaleiras e da cuberta do edificio. Conta cunha superficie útil de 64,07 m<sup>2</sup>, sendo a construída de aproximadamente 76,88 m<sup>2</sup>. Os seus lindeiros son: ó norte, rúa Cardeal Quiroga; ó sur, voos do edificio sobre patio e xardíns trasteiros do local baixo A; ó leste, edificio número 16 da mesma rúa; e ó oeste, bufarda e caixa de escaleiras no medio. Referencia catastral 3781103 NG9838S 0009 OD.- A este predio correspóndelle a porcentaxe do 2,82% en relación co 100% do inmovible.

Predio décimo.- Piso bufarda B-esquerda, destinada inicialmente a vivenda. Componse das dependencias seguintes: vestíbulo de entrada, corredor, habitación escaleiras, antiga cociña, habitación ó vestíbulo e escaleiras, habitación á fachada principal, habitación en italiana co dormitorio principal, habitación interior 1, habitación interior 2 e sala trasteiro. As súas luces son a través da cuberta do edificio e a escaleiras. Conta cunha superficie útil de 90,97 m<sup>2</sup>, sendo a construída de aproximadamente 109,16 m<sup>2</sup>. Os seus lindeiros son: ó norte, rúa Cardeal Quiroga; ó sur, voos do edificio sobre servidume traseira; ó leste, bufarda A-dereita e con caixa de escaleiras no medio; e ó oeste, edificio número 12 da mesma rúa. Referencia

catastral 3781103 NG9838S 0009 OD. A este predio correspóndelle a porcentaxe do 5,09% en relación ó 100% do inmovible.

Mediante este edicto e consonte co acordado na providencia desta data, convócase ás persoas con domicilio descoñecido, e ás persoas ignoradas ás que lles puidera prexudica-la inscrición que se solicita, para que no termo dos dez días seguintes á publicación deste edicto poidan comparecer no expediente para alega-lo que lle conveña ó seu dereito.

Ourense, 18 de setembro de 2002.- O secretario.

**R. 13.157**

## CONCELLOS

### O PEREIRO DE AGUIAR

#### EDICTO

Elevou-se a definitivo, por non presentaren reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión que tivo lugar o 13 de xullo de 2002, de aprobación provisional de imposición da taxa por licenza de actividades e apertura de establecementos, que se transcribe de seguido e da Ordenanza fiscal reguladora desta, que se xunta como anexo deste edicto. Publícase en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

6.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola licenza de actividades e apertura de establecementos.

Como é necesario usa-los recursos económicos que establece o artigo 2.1.b), da Lei 39/1988, do 28 de decembro, entre os que se atopa a referida taxa, tramitouse o expediente administrativo para impoñer e ordear-lo devandito tributario.

Vistos os informes favorables da Secretaría e Intervención e o informe técnico-económico sobre o custo do servizo e avaliación do rendemento da taxa, así como a proposta da Alcaldía, no mesmo sentido, os asistentes (oito dos once concelleiros que de dereito integran a corporación), acórdase.

1.- Aprobar, provisionalmente, a imposición da taxa pola licenza de actividades e apertura de establecementos e ordenala do xeito que regula a ordenanza fiscal, figurando o seu texto anexo á memoria da Alcaldía que encabeza o expediente, conforme ó disposto no artigo 15.1 da citada lei.

2.- Expoñer ó público o presente acordo e a ordenanza fiscal, tal como pre-

ceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada lei.

3.- Elevar a definitivo este acordo se non presentaran reclamacións contra del e continúa-lo expediente ata o seu remate de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

4.- A referida ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### Anexo

#### *Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola licenza de actividades e apertura de establecementos.*

#### Fundamento e natureza

#### Artigo 1º

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello mantén a taxa pola licenza de apertura de establecementos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

#### Feito impoñible

#### Artigo 2º

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a unificar se os establecementos industriais, mercantís e comerciais reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calesquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou normas xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este concello da licenza de apertura á que se refire o artigo 22 do regulamento de servizos das corporacións locais.

2.- Para tal efecto, terán a consideración de apertura:

a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecta ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.

3.- Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público,

que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesá, de construción, comercial ou de servizos que esté suxeita ó imposto de actividades económicas.

b) Aínda sen desenvolvérense aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas de xeito que lles proporcionen beneficios ou aproveitamentos, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

4.- Para tal efecto, entenderase incluído no feito impoñible da taxa o cambio de titularidade que recolle o artigo 13 do Regulamento dos servizos das corporacións locais.

#### Suxeito pasivo

#### Artigo 3º

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares das actividades que se pretende desenvolver ou, de se-lo caso, se desenvolvan en calquera establecemento industrial ou mercantil.

#### Responsables

#### Artigo 4º

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administrados das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral presupostaria.

#### Base impoñible

#### Artigo 5º

Constitúe a base impoñible da taxa, a cota íntegra que lle corresponde á actividade obxecto da licenza nas tarifas do imposto sobre actividades económicas. Importe total da débeda tributaria (cota municipal + recarga provincial).

#### Cota tributaria

#### Artigo 6º

1.- A cota tributaria determinarase aplicando á base impoñible os coeficientes que se sinalan no cadro seguinte:

#### Descrición; coeficiente.

Licenza de apertura de establecementos non suxeitos á normativa medioambiental ou o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas; 1,04.

Licenza de apertura de establecementos suxeitos á normativa medioambiental ou o Regulamento de actividades

molestas, insalubres, nocivas e perigosas; 2,09.

Licencia de apertura de establecementos por ampliación de novas actividades que non precisen novo proxecto técnico; 0,52.

Licencia de apertura de establecementos por cambio de titularidade, que non precisen novo proxecto técnico; 0,52.

2.- A cota tributaria esixirase por unidade local.

3.- En caso de desestimento da licenza, as cotas para liquidar serán o 50% das sinaladas no número 2 anterior, sempre que a actividade municipal se inicie efectivamente.

4.- Nos supostos comprendidos entre a letra b), apartado 3 do artigo 2 da presente ordenanza, a cota tributaria determinarase aplicando a mesma porcentaxe que se utilizou para determina-la cota da actividade principal, sempre que esta actividade auxiliar estea exenta do pagamento do imposto de actividades económicas.

5.- En calquera caso, o concello poderá reduci-la cota prevista no número anterior ata o 50% cando exista manifesta desproporción entre a cota para pagar e o beneficio económico que a actividade auxiliar reporte á principal.

6.- Establécese unha cota mínima de 73 euros para tódolos supostos non previstos nos epígrafes da tarifa.

Exencións

Artigo 7º

Non se concederá ningunha exención na exacción de taxas, agás as permitidas e autorizadas pola lexislación vixente, así como as súas bonificacións que serán estudiasdas pola Corporación para cada caso particular.

Obriga de contribuír

Artigo 8º

1.- Aplícase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a obriga municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.- Cando a apertura tivera lugar sen obte-la debida licenza, a taxa aplicarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decreto, se non fora autorizable a dita apertura.

3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningún xeito pola denegación da licenza solici-

tada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Declaración

Artigo 9º

1.- As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura dun establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no rexistro xeral, a oportuna solicitude, coa especificación da actividade ou actividades para desenvolver no local.

2.- Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura se variase ou ampliase á actividade no establecemento, ou ben, se ampliase o local previsto dende o inicio, estas modificacións poñeranse en coñecemento da administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixe na declaración prevista no número anterior.

Liquidación e ingresos

Artigo 10º

1.- De conformidade coa previsión regulada no artigo 26 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, esixirase o depósito previo do importe total da cota producida, sen o cal requisito non poderá ser admitida a trámite a solicitude referida no artigo anterior.

2.- O importe do depósito constituído devolveráselle ó interesado sempre e cando por causas non imputables ó mesmo se deixara de realizar a actividade.

Inspección e recadación

Artigo 11º

1.- En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que por estas corresponden en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven, artigo 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2.- De conformidade co disposto nos artigos 78 e 83 da Lei xeral tributaria considerarase infracción simple o incumplimento da obriga formal de presentar a este concello a declaración sinalada no artigo 9º, cando a apertura tivera lugar sen obte-la oportuna licenza. Tal incumplimento será sancionado coa multa de 61 euros.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no BOP, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Pereiro de Aguiar, 1 de outubro de 2002.- O alcalde.

**R. 13.289**

## ANUNCIO

Proxecto de urbanización do sector SUR-4, Moreiras (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pereiro de Aguiar - Ourense): Aprobación definitiva.

De conformidade co disposto no art. 48 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, faise saber que:

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria do 28 de setembro de 2002, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

6.1 Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do sector SUR-4, Moreiras, a instancia de Xestur Ourense, S.A., e redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo González Rodríguez.

6.2 Continua-lo procedemento de acordo co establecido na Lei 1/1997.

Contra o expresado acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da súa última publicación (no BOP ou no DOG), se ben, previamente, e con carácter potestativo, cabe interpoñer recurso de reposición ante o Pleno do Concello no prazo dun mes. Neste caso, contra a desestimación do recurso de reposición, o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso administrativo será de dous meses, contado desde o día seguinte ó da notificación, ou de seis meses, contados desde a desestimación presunta, que se entenderá producida polo transcurso dun mes desde a interposición da reposición.

O Pereiro de Aguiar, 2 de outubro de 2002.- O alcalde.

**R. 13.318**

\*\*\*

## ANUNCIO

Proxecto de compensación do polígono sector SUR-4, Moreiras. Aprobación definitiva.

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria do 28 de setembro de 2002, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

7.1.- Aproba-lo proxecto de compensación do "polígono sector SUR-4, Moreiras, redactado polo arquitecto don Ignacio Inaraja Bobo, a instancia de Xestur Ourense, S.A.

7.2.- Continua-lo procedemento de acordo co disposto na Lei 1/1997, do solo de Galicia e demais disposicións concordantes.

Contra o expresado acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir

do día seguinte ó da súa última publicación (no BOP ou no DOG), se ben, previamente, e con carácter potestativo, cabe interpoñer recurso de reposición ante o Pleno do Concello no prazo dun mes. Neste caso, contra a desestimación do recurso de reposición, o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso administrativo será de dous meses, contado desde o día seguinte ó da notificación, ou de seis meses, contados desde a desestimación presunta, que se entenderá producida polo transcurso dun mes desde a interposición da reposición.

O Pereiro de Aguiar, 2 de outubro de 2002.- O alcalde.

**R. 13.319**

\*\*\*

**A TEIXEIRA**

Unha vez iniciado o procedemento de expropiación forzosa para a ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización da obra "camiño de acceso a Soutelo, Igrexa, Barrio", o Pleno do Concello da Teixeira, na sesión ordinaria que tivo lugar o 1 de outubro de 2002, aprobou o documento técnico de valoración dos terreos afectados redactado polo enxeñeiro agrónomo don Pablo Millán Trillo, así como a relación de bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación e propietarios destes que se recolle como anexo ó presente edicto, tendo por declarada a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos por figura-la obra incluída en Planos Provinciais debidamente aprobados.

Ábrese período de información pública por espazo de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto no BOP, coa finalidade de que os interesados poidan examina-lo documento técnico de valoración, o proxecto e demais documentación que integra o expediente, para a presentación das reclamacións e alegacións que consideren oportunas. De igual modo durante o citado prazo, os interesados poderán achegar cantos datos permitan a rectificación de posibles erros na relación de bens e dereitos afectados ou oporse, por razóns de fondo ou de forma, á necesidade de ocupación, consonte co disposto no artigo 19 da Lei de expropiación forzosa. Así mesmo, só para os efectos de corrección de erros na relación, calquera persoa poderá formular alegacións.

Anexo: relación de bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación.

Predio n.º 1 e único:  
Propietario: herdeiros de don Jesús Domínguez Fernández.

Paraxe: rúa Nova.

Cultivo: labradío.

N.º de polígono: 15. N.º de parcela catastral: 46.

Terreo afectado: 20 metros cadrados.

A Teixeira, 2 de outubro de 2002.- O alcalde.

**R. 13.324**

\*\*\*

Anuncio de adjudicación de obras do Plano Base 2002.

1.- Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Concello da Teixeira (Ourense).

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto dos contratos.

a) Tipo de contrato: obra.

b) Descrición do obxecto: "Camiño a Soutelo pola Igrexa de Lumeares" (n.º 75/02).

c) Lote: único.

d) Prezo de licitación: 57.100,00 euros.

e) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: BOP 9 de agosto de 2002 (n.º 182).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4.- Adjudicación.

a) Data: 19 de setembro de 2002.

b) Contratista: "Construcciones Benigno Álvarez, S.L."

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adjudicación: 57.100,00 euros.

e) Mellora: 9.950,00 euros.

Isto faise público en cumprimento do disposto no artigo 93.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

A Teixeira, 30 de setembro de 2002.- O alcalde.

**R. 13.326**

\*\*\*

**OURENSE**

**EDICTO**

O Excmo. Concello en Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de outubro do ano 2002, aprobou provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais deste concello, as cales se expoñen ó público no Servizo de Facenda deste concello, durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do se-

guinte ó da inserción do presente edicto no BOP, de acordo co artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, dentro dos cales os interesados poderán examina-los ditos expedientes e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. alcalde desta corporación.

Ourense, 4 de outubro de 2002.- O alcalde. Asdo.: Manuel J. Cabezas Enríquez.

**R. 13.379**

\*\*\*

O Concello en Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de outubro de 2002, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2003, integrado polo orzamento do concello e do Consello Municipal de Deportes, así como o cadro de persoal e a relación de postos de traballo que se unen como anexo.

Exponse ó público durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no BOP, nas oficinas de Xestión Económica, durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar reclamacións ante o Pleno.

Publícase isto cumprindo o disposto no artigo 150 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Ourense, 4 de outubro de 2002.- O alcalde. Asdo.: Manuel Jaime Cabezas Enríquez.

**R. 13.380**

\*\*\*

**CONSORCIO LOCAL OS PEARES**

**EDICTO**

*Corrección de erros (por omisión).*

No antepenúltimo parágrafo da certificación do acordo do Consello Xeral do Consorcio Local dos Peares, publicado no BOP de Ourense n.º 223, o 27-09-2002, co R. 13.175, onde di: "... os plenos dos concellos integrantes do Consorcio", debe dicir: "... os plenos dos concellos e deputacións integrantes do Consorcio".

No penúltimo parágrafo, onde di: "... pola maioría dos concellos consorciados, ...", debe dicir: "... pola maioría das deputacións e concellos consorciados, ...".

Os Peares, 30 de setembro de 2002.- O presidente.

**R. 13.287**